



En cinco fáciles pasos



## COMO BUSCAR UN LIBRO EN CINCO FÁCILES PASOS

### 1º Accedemos á páxina de KOHA

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal>


Para buscar un libro non é necesario iniciar sesión co noso usuario, pero é conveniente xa que a busca gardarase no noso historial de busca.

Se queremos facelo, prememos a opción que aparece na parte superior dereita: **Inicie sesión na súa conta**. Solicitarannos o noso nome de usuario e contrasinal.

#### Non recordas o teu contrasinal?

Ponte en contacto coa túa Biblioteca para que se te restablezca. Recibirás un correo electrónico con instrucións para configurar un novo contrasinal.

### 2º Seleccionamos para que datos queremos realizar a busca.



### 3º Escribimos o título ou o autor ou os datos que queremos buscar

### 4º Escribimos a poboación onde está a biblioteca

O sistema mostraranos todas as bibliotecas e seleccionamos a que queremos.

### 5º Prememos o botón Buscar

Se o sistema atopa o libro, aparecerá na pantalla e entre outras cousas podemos ver se está dispoñible ou prestado.

## IMPORTANTE

Cando non queiras realizar máis operacións, non esquezas pechar a sesión de traballo. Para iso só tes que premer a opción Saír, que aparece na parte superior dereita.

## COMO RESERVAR UN LIBRO EN CINCO FÁCILES PASOS

### 1º **Accedemos á páxina de KOHA**

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal>

### 2º **Iniciamos a nosa conta**

Para iso, prema a opción que aparece na parte superior dereita: **Ingrese na súa conta**

Solicitarannos o noso nome de usuario e contrasinal

#### **Non recordas o teu contrasinal?**

Ponte en contacto coa túa biblioteca para que se restableza.  
Recibirás un correo electrónico con instrucións para configurar un novo contrasinal.

### 3º **Busca o libro que queremos ler.**

Lembra que só podemos reservar libros que actualmente non están dispoñibles para o préstamo.

Unha vez localizado o libro, presionaremos a opción **Facer reserva**, que aparece á dereita da nosa pantalla. Se non aparece significa que o libro non se pode reservar.

### 4º **Facer reserva**

Se aínda non está marcado, buscamos a nosa biblioteca e marcámolo facendo clic co rato. Debe quedar marcado en azul.

### 5º **Confirmar reserva**

Como último paso, só debemos ir ao final da páxina e premer o botón: **Confirmar reserva**. Poderás ver a túa nova reserva na pantalla.

Cando o libro estea dispoñible, recibiremos un correo electrónico para recollelo, **nun prazo de tres días**.

## IMPORTANTE

Cando non queiras realizar máis operacións, non esquezas pechar a sesión de traballo. Para iso só tes que premer a opción **Saír**, que aparece na parte superior dereita.

## COMO RENOVAR UN LIBRO EN CINCO FÁCILES PASOS

### 1º **Accedemos á páxina de KOHA**

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal>

### 2º **Iniciamos a nosa conta**

Para iso, prema a opción que aparece na parte superior dereita: **Ingrese na súa conta**

Solicitarannos o noso nome de usuario e contrasíñal

#### **Non recordas o teu contrasíñal?**

Ponte en contacto coa túa Biblioteca para que se te restablezca. Recibirás un correo electrónico con instrucións para configurar un novo contrasíñal.

### 3º **Seleccione os libros a renovar.**

Os libros que podemos renovar amosarán unha caixa  **Renovar** sobre a que premeremos o rato.

### 4º **Renovar seleccionados**

Unha vez marcados os libros a renovar, prema o botón que aparece a continuación: **Renovar seleccionados**

### 5º **Comprobar renovación**

Veremos que os libros seleccionados foron renovados e a súa data de entrega foi actualizada.

## **IMPORTANTE**

Cando non queiras realizar máis operacións, non esquezas pechar a sesión de traballo. Para iso só tes que premer a opción Saír, que aparece na parte superior dereita.